

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS VILAGARCÍA DE AROUSA

**Departamento de
Francés**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2024/2025



Índice	
1. INTRODUCCIÓN	PÁX._
1.1 Marco legal	5
1.2 Contexto educativo	6
1.3 O departamento de francés	6
1.4 Oferta educativa 2023-2024	6
2. NIVEIS BÁSICOS A1 E A2	7
2.1 Descrición do nivel	7
2.2 Obxectivos específicos do nivel básico	9
2.2.1 Actividades de comprensión de textos orais	
2.2.2 Actividades de produción e coprodución de textos orais	
2.2.3 Actividades de comprensión de textos escritos	
2.2.4 Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
2.2.5 Actividades de mediación	
2.3 Competencias e contidos	12
2.3.1 Socioculturais e sociolingüísticos	
2.3.2 Estratéxicos	
2.3.3 Funcionais	
2.3.4 Discursivos	
2.3.5 Sintácticos	
2.3.6 Léxicos	
2.3.7 Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos	
2.4 Criterios de avaliación	17
2.4.1 Curso A1	
2.4.1 Curso A2	
2.5 Secuenciación dos contidos	20
2.5.1 Curso A1	
2.5.2 Curso A2	
3. NIVEIS INTERMEDIOS B1 E B2	33
3.1 Descrición do nivel	33
3.2 Obxectivos específicos do nivel intermedio	35
3.2.1 Actividades de comprensión de textos orais	
3.2.2 Actividades de produción e coprodución de textos orais	
3.2.3 Actividades de comprensión de textos escritos	
3.2.4 Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
3.2.5 Actividades de mediación	

3.3 Competencias e contidos 3.3.1 Socioculturais e sociolingüísticos 3.3.2 Estratéxicos 3.3.3 Funcionais 3.3.4 Discursivos 3.3.5 Sintácticos 3.3.6 Léxicos 3.3.7 Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos	38
3.4 Criterios cualitativos de avaliación 3.4.1 Curso B1.1 3.4.2 Curso B2.1 3.4.3 Curso B2.2	45
3.5. Secuenciación dos contidos 3.5.1 Curso B1.1 3.5.2 Curso B2.1 3.5.3 Curso B2.2	49
4. NIVEL AVANZADO C1	62
4.1 Descrición do nivel	62
4.2 Obxectivos específicos do nivel avanzado 4.2.1 Actividades de comprensión de textos orais 4.2.2 Actividades de produción e coprodución de textos orais 4.2.3 Actividades de comprensión de textos escritos 4.2.4 Actividades de produción e coprodución de textos escritos 4.2.5 Actividades de mediación	63
4.3 Competencias e contidos 4.3.1 Socioculturais e sociolingüísticos 4.3.2 Estratéxicos 4.3.3 Funcionais 4.3.4 Discursivos 4.3.5 Sintácticos 4.3.6 Léxicos 4.3.7 Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos	64
4.4 Criterios cualitativos de avaliación 4.4.1 Curso C1.2	69
4.5 Secuenciación dos contidos 4.5.1 Curso de competencia xeral nivel C1 para o público en xeral (Monográfico)	70

4.5.2 Curso C1.2	
5. METODOLOXÍA	74
5.1 Plan de adaptación á docencia non presencial	74
5.2 Os enfoques metodolóxicos	74
6. RECURSOS	75
6.1 Materiais didácticos	75
6.2 Materiais de apoio	75
6.3 Tecnoloxías da Información e Comunicación	77
6.4 Recursos Humanos	78
7. DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)	79
7.1 Contidos	79
7.2 Metodoloxía	79
7.3 Avaliación	80
8. AVALIACIÓN	80
8.1 Avaliación inicial (ou de diagnóstico)	80
8.2 Avaliación de progreso (ou formativa)	80
8.3 Autoavaliación	81
8.4 Avaliación de promoción (ou sumativa)	81
8.5 Avaliación certificadora	81
8.6 Mínimos exixibles	82
9. SEGUIMENTO DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN	93
10. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DE DEPARTAMENTO	93
11. ACTIVIDADES CULTURALS	94
Sinaturas das/dos docentes do departamento	99

1. INTRODUCCIÓN

4.5 Marco legal

Normativa de idiomas de ámbito estatal

- **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio de Educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- **Real Decreto 1041/2017**, de 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto (BOE 23/12/2017)
- **Real Decreto 1/2019**, de 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial (BOE 12/01/2019).

Normativa de idiomas de ámbito autonómico

- **Orde do 8 de setembro de 2008** pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada pola Orde do 19 de abril de 2012, DOG do 30 de abril de 2012).
- **Decreto 189/2010**, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- **Orde do 5 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- **Resolución do 10 de maio de 2012** pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 28 de maio de 2012 (modificada pola Resolución do 17 de decembro de 2014, DOG do 8 de xaneiro de 2015).
- **Orde do 11 de xullo de 2017** pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2017/18.
- **Decreto 81/2018**, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial nas Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 13 de agosto de 2018.
- **Circular 8/2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.
- **Instrucións do 31 de xullo de 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- **Circular 6/2021**, da Secretaría Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2021/2022.
- **Orde do 20 de maio de 2022** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Resolución do 16 de maio de 2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a prescrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia

no curso 2023/24.

➤ **Orde do 29 de xullo de 2022** pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2022/23.

Outra documentación de referencia

- Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).
- Portfolio europeo das linguas (PEL).
- Guía curricular para a elaboración das programacións didácticas nas EEOOI. Curso 2021-2022.

1.2 Contexto educativo

As Escolas Oficiais de Idiomas son centros públicos dedicados ao ensino de linguas ás persoas adultas.

Na Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía se poden cursar cinco linguas estranxeiras: alemán, francés, inglés, italiano e portugués. Os cursos de idiomas dan dereito á obtención do título oficial para os niveis de certificación A2, B1, B2 e C1, coa posibilidade de obter o C2 para o idioma inglés.

No apartado da oferta educativa da escola se pode consultar a totalidade de cursos ofertados, tamén os chamados non terminais ou intermedios, que dan acceso ao curso de certificación (A1, A2, B1, B2.1, B2.2, C1.2).

Como centro de ensino, o noso equipo docente se esforza para que, a partir dun enfoque comunicativo, o alumnado adquira a capacidade de usar o idioma como vehículo de comunicación, sen esquecer o fomento dunha inquietude pola diversidade lingüística e cultural a través do achegamento ás linguas estranxeiras, e coa finalidade de promover o plurilingüismo entre a poboación, animando tamén, á autonomía do alumnado e á aprendizaxe permanente.

A Escola de Idiomas de Vilagarcía é unha das 11 Escolas Oficiais galegas, dependentes da Consellaría de Educación, e forma parte da rede de EE.OO.II. do Estado español.

O noso alumnado caracterízase por seren moi heteroxéneo no tocante á idade -maioritariamente adulto-, á ocupación, á extracción social, á formación e á motivación.

Predominan as mulleres sobre os homes e na actualidade o número de matrículas oficiais supera as 1.000 repartidos non só nas cinco linguas dos tres niveis que se imparten nas escolas de idiomas, senón tamén inclúen o nivel C1, por exemplo en Francés, e os CALC (cursos de adecuación lingüística e comunicativa) dirixidos ao profesorado e organizados polos Centros de Formación e Recursos da Xunta de Galicia.

1.3. O departamento de Francés

No curso 2023-2024 formarán parte do departamento os/as profesores/as:

Marie-Reine Sartin (Xefa do Departamento), que será substituída os primeiros meses (ata o 23 de novembro) por Marta González Besada.

María Teresa Valcárcel Sanmartin

Helena Barrera Cuello

1.4 Oferta educativa. Curso 2024-2025

	Curso e nivel	Horario	Días da semana
1	Nivel Básico A1	9.30 – 11.30	Martes, xoves
2	Nivel Básico A1	19.30 – 21.30	Luns, mércores
3	Nivel Básico A2	11:30 – 13:30	Martes, xoves

4	Nivel Básico A2	17:30 – 19:30	Luns, xoves
5	Nivel Intermedio B1	19.30 – 21.30	Luns, xoves
6	1º curso do Nivel Intermedio B2	19.30 – 21.30	Luns, mércores
7	2º curso do Nivel Intermedio B2	17.30 – 19.30	Martes, xoves
8	2º curso do Nivel Avanzado C1	19.30 – 21.30	Martes, xoves
9	Curso de competencia xeral nivel C1 para o público en xeral	17:30 – 19:30	Mércores, venres

2. NIVEL BÁSICO (A1 e A2)

2.1 Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1	A2
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia, nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.</p>

estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.
Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

2.2 Obxectivos

	A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	<p>Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.</p> <p>Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.</p> <p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.</p>	<p>Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p> <p>Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p>Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p>Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p>Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p>Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p>Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>

	A1	A2
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p>Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p>Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p>Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p>Comprender información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>	<p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.</p> <p>Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.</p> <p>Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>
<p>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</p>	<p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p>Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo</p>	<p>Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p>Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p> <p>Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>

	A1	A2
Actividades de mediación	<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p>Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>	<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.</p> <p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial.</p> <p>Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.</p> <p>Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>

2.3 Competencias e contidos

	Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.	
	A1	A2
Socioculturais e sociolingüísticos	<p>Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, transporte...</p> <p>Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.</p>	<p>Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...</p> <p>Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestuario...</p>
Estratéxicos	A1	A2
	Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.	

	<p>4. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). - Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. - Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. - Planificar a estrutura básica do texto. - Ensañar o texto oral ou escrito. - Adequar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. - Aproveitar os coñecementos previos. <p>4. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Probar novas expresións. - Utilizar estratexias sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa breve. - Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. - Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. - Comprobar hipóteses. - Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. - Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos. 		
Funcionais	<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p> <table border="1" data-bbox="403 1720 1410 1792"> <tr> <td data-bbox="403 1720 919 1792">A1</td> <td data-bbox="919 1720 1410 1792">A2</td> </tr> </table>	A1	A2
A1	A2		

	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incompreensión. - Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p.e. falar devagar, soletrear, repetir). - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información sobre datos persoais. - Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. - Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa. - Indicar posesión. - Indicar onde e cando ocorre algo. - Referirse a accións cotiás presentes. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar intereses, preferencias e gustos. - Afirmar ou negar algo. - Mostrar acordo e satisfacción. - Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar sensacións físicas e sentimentos. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda, obxectos e servizos. - Invitar, e reaccionar adecuadamente. 	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén. - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. <p>- Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.</p> <p>- Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela e breve.</p> <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e falta de comprensión. - Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares. - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. - Expor proxectos e formular hipóteses. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar un feito. - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. - Expresar coñecemento ou descoñecemento. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar estados de ánimo. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. - Suxerir unha actividade.
Discursivos	Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.	
	A1	A2

	<p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios - Listaxes - Horarios - Billetes e entradas - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Dicionarios - Folletos informativos ou publicitarios - Notas e mensaxes <p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas moi sinxelas 	<p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Formularios - Listaxes - Etiquetas de produtos e embalaxes - Folletos informativos ou publicitarios - Biografías - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Axendas e diarios - Textos sinxelos e breves - Informacións meteorolóxicas - Notas e mensaxes - Instrucións sinxelas - Programacións de radio e televisión - Receitas de cociña moi sinxelas - Carteleiras de espectáculos <p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas sinxelas e breves - Instrucións e anuncios - Presentacións públicas
Sintácticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
	A1	A2

	<ul style="list-style-type: none"> - O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número. - O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais - O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais - O demostrativo. Formas, contraccións e usos - O posesivo. Formas e usos - Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais - Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos - As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común - O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións - O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección - As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente - A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos - Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos 		
Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p> <table border="1" data-bbox="403 1032 1407 1111"> <tr> <td style="background-color: #92d050;">A1</td> <td style="background-color: #2e8b57; color: white;">A2</td> </tr> </table> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades cotiás: hábitos e horarios... - Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía - Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía... - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns... - Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento... - Educación: material e actividades da aula, centros de ensino... - Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos... - Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas... - Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas... - Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo... - Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses... - Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais... - Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe... - Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico... 	A1	A2
A1	A2		
Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p> <table border="1" data-bbox="403 1877 1407 1944"> <tr> <td style="background-color: #92d050;">A1</td> <td style="background-color: #2e8b57; color: white;">A2</td> </tr> </table>	A1	A2
A1	A2		

	<ul style="list-style-type: none"> - O alfabeto - Correspondencia entre grafías e fonemas - Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos - A entoación - O acento. Regras básicas de acentuación - Recoñecemento e produción dos tons - Estrutura silábica - Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente - Orde dos trazos dos caracteres - Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos - Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas - Ortografía do vocabulario máis usual - Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes
--	--

2.4 Criterios de avaliación

	A1	A2
Actividades de comprensión de textos orais	<p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p>	<p>Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p>

	A1	A2
<p>Actividades de produción e coprodución de textos orais</p>	<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>	<p>Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
<p>Actividades de comprensión de textos escritos</p>	<p>Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p>	<p>Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p>

	A1	A2
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p>Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.e. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p>Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.e. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.</p>
Actividades de mediación	<p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p>Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>	<p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p>Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p>Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante, para trasladarllela ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>

4.5 Secuenciación dos contidos:

Preséntanse a continuación as secuenciacións de contidos dos niveis por separado conforme á oferta educativa para o curso actual.

2.5.1. Curso A1.

Os contidos do curso adáptanse ao libro de texto “Entre Nous” (Éd. Maison des langues), seguindo a seguinte secuenciación:

UNITÉ 0 SETEMBRO 4 sesións A1-1: Do 17 ao 26 de Setembro A1-2: Do 16 ao 25 de Setembro	SAVOIR-FAIRE	LEXIQUE	REGARDS CULTURELS		
PREMIER CONTACT AVEC LE FRANÇAIS	- Remplir une fiche d'identité - Mon portrait chinois - Pourquoi apprenez-vous le français?	- Quelques mots transparents	- Quel mots français connaissez-vous?		
	- Que représente la France pour vous?	- Le petit déjeuner français - Les films français - La gastronomie française - L'art français	- La France c'est ...		
	- La gastronomie - Quelques villes et monuments	- Gastronomie - Villes - Monuments	- Quelques villes et monuments français.		
UNITÉ 1 SETEMBRO – OUTUBRO 6 sesións A1-1: Do 1 ao 17 de outubro A1-2: Do 30 de Setembro ao 16 outubro	SAVOIR-FAIRE	LEXIQUE	GRAMMAIRE	PHONÉTIQUE	REGARDS CULTURELS
ENCHANTÉ!	- Reconnaître des mots en français - Comprendre des mots transparents	- Saluer et se présenter - Compter jusqu'à vingt		- L'alphabet - Épeler	- Les salutations en France - Tu ou vous? - La France en images

		<ul style="list-style-type: none"> -L'alphabet -Les nombres jusqu'à 20 -Les salutations -Les phrases utiles pour la classe -Le vocabulaire de la ville 	<ul style="list-style-type: none"> -Les pronoms personnels sujets -Les verbes en -er au présent -Le verbe <i>s'appeler</i> au présent -Les articles définis -Le genre et le nombre des noms -Les pronoms toniques 	<ul style="list-style-type: none"> -Le rythme et la syllabe accentuée -La liaison -Le singulier et le pluriel des articles définis -La prononciation des formes en -er 	
UNITÉ 2 OUTUBRO – NOVEMBRO 10 sesións A1-1: Do 22 outubro ao 26 de novembro A1-2: Do 21 de outubro au 10 de novembro	SAVOIR-FAIRE	LEXIQUE	GRAMMAIRE	PHONÉTIQUE	REGARDS CULTURELS
VOYAGE AUTOUR DU MONDE	<ul style="list-style-type: none"> - Demander / donner des renseignements personnels -Renseigner sur l'identité, la nationalité et la profession 	<ul style="list-style-type: none"> - L'identité -Les professions et des nationalités 			-Les Français à l'étrangère
		<ul style="list-style-type: none"> -L'état civil -Les professions -Les adjectifs de nationalité -Les nombres de 20 à 100 -Les pays et les villes 	<ul style="list-style-type: none"> -L'interrogation: quel, quelle, quels, quelles -Les adjectifs possessifs -La négation: ne ... que -Le verbe être au présent -Les prépositions + nom de pays/ville -L'interrogation où -Les articles indéfinis -Le féminin des adjectifs de nationalité le verbe avoir au présent 	<ul style="list-style-type: none"> - Le masculin et le féminin des adjectifs de nationalité à l'oral et à l'écrit -La phrase et l'intonation déclarative 	

UNITÉ 3: NOVEMBRO- DECEMBRO A1-1: 7 sesións Do 28 de novembro ao 19 de decembro A1-2: 8 sesións Do 25 de novembro ao 18 de decembro	SAVOIR- FAIRE	LEXIQUE	GRAMMAIRE	PHONÉTIQUE	REGARDS CROISÉS
UNE VILLE, DES QUARTIERS	-Découvrir des commerces -Découvrir des villes françaises à travers des témoignages -Savoir situer quelques villes importantes de France	-Les commerces -Les lieux de la ville -Les prépositions de lieu -La ville et les moyens de transport	- <i>Il y a, il n'y a pas de/d'</i> -L'interrogation: <i>est-ce que/qu'est-ce que ?</i> -Le pronom <i>on</i> (nous) -Le verbe <i>aller</i> au présent -Les prépositions + moyens de transport -Les articles contractés avec la préposition <i>à</i> - <i>C'est</i> ou <i>il/elle est</i> -L'accord des adjectifs qualificatifs	-Les sons E, œ et ø - Les graphies des sons E, œ et ø -L'intonation interrogative	-À la découverte d'une ville française: Paris -À la découverte d'une tradition française: la fête des lumières à Lyon
UNITÉ 4 XANEIRO 7 sesións A1-1: Do 9 ao 30 de xaneiro A1-2: Do 8 ao 29 de xaneiro	SAVOIR- FAIRE	LEXIQUE	GRAMMAIRE	PHONÉTIQUE	REGARDS CROISÉS
Socioculturais e sociolingüísticos	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p> <p>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.</p>
Estratéxicos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p> <p>4. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. - Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo. - Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...). - Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. - Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...) - Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. - Relacionar a información nova con coñecementos previos. - Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. - Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. <p>4. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas... - Informarse, se hai axudas visuais etc. - Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia. - Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. - Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...). - Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...). - Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias. - Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos. - Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu. - Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.
Funcionais	<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>

	<p>Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:</p> <p>Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...</p> <p>Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...</p> <p>Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...</p> <p>Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...</p> <p>Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...</p>
--	--

	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>
Discursivos	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios complexos retransmitidos - Instrucións e indicacións detalladas - Conversas especializadas - Reunións de traballo con vocabulario específico - Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos - Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas... - Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo - Sondaxes e cuestionarios complexos - Audiovisuais - Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas - Cancións - Representacións teatrais - Podcasts - Informativos - Clases gravadas - Páxinas web gobernamentais

Discursivos	<p>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correspondencia persoal e profesional especializada - Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos - Instrucións extensas - Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade - Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática - Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica - Informacións, anuncios e slogans publicitarios - Textos que poidan amosar trazos non normativos - Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral - Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade - Textos ensaísticos
-------------	---

Sintácticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p> <p><i>Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación de palabras: derivación e composición - Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos - Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso - Correlación temporal na construción de textos orais e escritos - Usos sintácticos complexos - Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde - Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc. - Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos
-------------	---

Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p> <p><i>Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.</i></p>
	<ul style="list-style-type: none"> - Alimentación: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola... - Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual... - Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas... - Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento... - Cultura e actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía... - Economía e industria: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción... - Educación e actividades académicas: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias... - Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais... - Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas... - Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais... - Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio... - Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións... - Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas... - Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios... - Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais... - Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro... - Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica... - Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. <i>Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.</i>
	<ul style="list-style-type: none"> -A énfase -A entoación e os cambios de ton -Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...) -Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas -Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...) -A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación -O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas -As convencións de distribución e organización do texto -As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

4.4 Criterios de avaliación C1

- **Actividades de comprensión de textos orales:**

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluindo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

- **Actividades de comprensión de textos escritos:**

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

- **Actividades de produción de textos escritos:**

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- **Actividades de mediación:**

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

4.5 Secuenciación de los contenidos:

4.5.1 Curso de competencia general nivel C1 para el público en general

Este curso está deseñado para o alumnado que desexa manter ou desenvolver as súas destrezas lingüísticas sen a necesidade de someterse a exames. Ofrece unha oportunidade valiosa para afondar no coñecemento e práctica da lingua, proporcionando un enfoque especializado e adaptado ás necesidades individuais dos estudantes. A través de actividades e recursos didácticos específicos, os participantes poderán mellorar as súas competencias lingüísticas nun ambiente estruturado e profesional sen o estrés das probas de avaliación.

Para favorecer un correcto funcionamento do curso e manter o interese no alumnado participante, tentaremos de traer contidos actuais, variados e interesantes para o alumnado, baseándonos en documentos reais da prensa francesa (journaux variés, chaînes de télévision telles que TV5, TF1, RTF, etc.), además de textos, canciones, vídeos ou calquer tipo de soporte cultural que vexa a luz ó longo do curso.

Cada sesión se basará no visionado de algún documento (texto, vídeo, audio) para posteriormente pasar a debater sobre o tema proposto nun intercambio moderado pola profesora, que introducirá cuestións abordables polo alumnado a medida que avanza o intercambio.

Así, buscaremos ó longo do curso mellorar as competencias e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos (énfase, entoación, cambios de ton...), así como os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...), os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas e secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrains, poemas...).

O curso ten unha temporalización total de 120h e durará todo o curso (2 clases semanais de 2 horas cada unha). Os temas de política e sociedade serán tratados ó longo de todo o curso, sendo considerados as referencias temáticas xerais nas que están incluídas as outras temáticas, máis específicas.

Así, o resto de temas organizaránse nunha secuencia de bloques temáticos: no primeiro cuadrimestre, as primeiras 60h do curso, tentaremos centrarnos en temas en relación co medio ambiente, ciencia e tecnoloxía, a identidade persoal e as relacións persoais e sociais e temas en relación coa relixión e a filosofía.

Durante o segundo cuadrimestre, durante as seguintes 60h, trataremos temas en relación coa cultura, actividades artísticas, a saúde e coidados físicos e a atención sanitaria; ademais de temáticas de viaxes e estancias no estranxeiro e de xeografía e natureza.

4.5.1. El curso C1.2

Os contidos do curso farán referencia ás unidades didácticas do manual didáctico Illico 5, a excepción da última unidade que tratará dunha revisión de contidos vistos nestos 2 anos do nivel C1 como preparación ó exame de certificación. Outros materiais do curso serán, porén, elaborados a partir do material diverso, priorizando os documentos auténticos (xornais, podcasts, vídeos, etc.)

UNITÉ 1: DÉsir DE VILLE(S)	
NIVEL: C1.2	TEMPORALIZACIÓN: 1/10 al 31/10 (10 sesións de 120 minutos)
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.	
MODALIDADE DE TRABAJO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro	
CONTIDOS:	
Comprensión oral:	Emisión radio “les villes du lendemain” Crónica radio “Logement partagé” Audio “Recommandations mobilité urbaine” Chanson La Foule (Édith Piaf)
Comprensión escrita:	Entrevista “Usager logement partagé” Artículo transporte urbano Paroles chanson
Expresión oral:	Exposé documents sur les villes du lendemain Débat villes du future Décrire villes où on aimerait vivre On chante ensembles <i>La Foule (E.Piaf)</i>

Expresión escrita:		Résumer idées principales article Recommandations pour améliorer la mobilité urbaine Écriture creative: rédiger la description d'une ville imaginaire. Production écrite: le droit au logement		
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO
1	Artículo Emisión radiofónica	- Hacer una exposición oral de los dos documentos sobre las ciudades de mañana	Describir las ciudades de mañana en forma de exposición oral	Urbanismo
2	Crónica radiofónica Entrevista (escrita)	- Destacar las ideas principales y secundarias de un documento - Redactar la síntesis de dos documentos sobre la vivienda compartida	- Redactar una síntesis de documentos sobre la Vivienda compartida	La vivienda
3	Emisión radiofónica Video de animación Artículo	- Dar recomendaciones para mejorar la movilidad urbana	- Hacemos recomendaciones para mejorar la movilidad urbana en nuestra ciudad	Los transportes urbanos
4	Emisión radiofónica Foto Distopía (extracto)	- Hacer una descripción de una ciudad de manera fantasiosa	- Escritura creative: redactar la descripción de una ciudad fantasiosa	La arquitectura

UNITÉ 2: ALIMENTATION, "UN PLAISIR À RAS DE TERRE?"

NIVEL: C1.2		TEMPORALIZACIÓN: 5/11 al 5/12 (10 sesiones de 120 minutos)		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.				
MODALIDADE DE TRABALLO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro				
CONTIDOS:				
Comprensión oral:	Audio libro (<i>gouts sur les aliments</i>) Video (interview) Reportaje audio "réalité sociale" Emisión radio Chanson: La corrida (Francis Cabrel)			
Comprensión escrita:	Artículo alimentos y emociones Gráficos alimentos Artículo alimentación y salud Extracto novela Artículo "conseils pour faire des achats"			
Producción oral:	Exposición <i>Réalité sociale</i> Debate beneficios e inconvenientes aplicaciones nutricionales On chante <i>La Corrida</i> (F.Cabrel)			
Producción escrita:	On rédige une recompilation de plaisirs minuscules Análisis de estudios Redacción opinion tauromaquia			
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO

1	- Articulo - Audio del libro	- Definir una noción a partir de un mapa mental - Expresar los gustos alimenticios y describir las emociones asociadas	- Realizamos una recopilación de minúsculos placeres (escritura creativa)	El hambre, las emociones y las sensaciones
2	- Video (entrevista) - Gráficos - Artículo	- Comprender la influencia de la alimentación sobre la salud	- Analizamos una relación de estudios en un artículo	Las estadísticas
3	- Novela (extracto) - Audio (reportaje)	- Analizar y comentar una realidad social	- Presentamos una exposición sobre una realidad social	La agricultura El comercio
4	- Artículo - Emisión radiofónica	- Dar consejos para hacer compras alimenticias - Presentar los beneficios y los inconvenientes de las aplicaciones nutricionales	- Intercambiamos y debatimos sobre los beneficios e inconvenientes de las aplicaciones nutricionales	El marketing y la publicidad

UNITÉ 3: PRENONS SOIN DE NOUS

NIVEL: C1.2		TEMPORALIZACIÓN: 10/12 al 28/01 (10 sesións de 120 minutos)		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.				
MODALIDADE DE TRABALLO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro				
CONTIDOS:				
Comprensión oral:	Podcast sobre donación de organos Emisión radio (funcionamiento terapia alternativa) Chanson: Santé (Stromae)			
Comprensión escrita:	Artículo ley (extracto), <i>dificultés d'un parcours médical</i> Novela (extracto) Artículo descubrimientos científicos			
Expresión oral:	Debate donación de órganos Grabación de un podcast para presentar las dificultades de un recorrido medico Conferencia (encuesta científica)			
Expresión escrita:	Escritura creativa: Contar nuestra experiencia en un diario íntimo Dificultades liadas a una profesión			
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO
1	- Artículo de una ley (extracto) - Novela (extracto) - Podcast	- Preguntarnos sobre la donación de órganos - Comprender y reformular las dificultades de un recorrido medico	Grabamos un podcast para presentar las dificultades de un recorrido médico	La donación de órganos La procreación asistida medicamente
2	- Artículo - Conferencia	- Relacionar los resultados de una encuesta científica - Explicar un descubrimiento	- Hacemos una mini-conferencia sobre un descubrimiento científico	El informe médico El tratamiento del cáncer

		científico		
3	<ul style="list-style-type: none"> - Emisión radiofónica - Extracto de un periódico 	<ul style="list-style-type: none"> - Explicar la peculiaridad de un sistema de estudios - Explicar en un diario íntimo los problemas ligados a una profesión 	<ul style="list-style-type: none"> - Contamos nuestra experiencia en un diario íntimo (escritura creativa) 	<p>Los estudios de medicina</p> <p>Las dificultades ligadas a una profesión</p>
4	<p>Emisión radiofónica</p> <p>Artículo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Presentar un sujeto polémico - Explicar el funcionamiento de una terapia alternativa 	<ul style="list-style-type: none"> - Presentamos una polémica 	<p>Las medicinas alternativas</p>

UNITÉ 4: À CORPS ET À CRI

NIVEL: C1.2		TEMPORALIZACIÓN: 30/01 al 11/03 (10 sesiones de 120 minutos)		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.				
MODALIDADE DE TRABALLO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro				
CONTIDOS:				
Comprensión oral:	<p>Testimonios reportage televisivo</p> <p>Emisión televisiva sobre los slams</p> <p>Audioguía: análisis e interpretación</p> <p>Vídeo: comprensión lenguaje corporal</p> <p>Chanson: <i>Tous les garçons et les filles</i> (Françoise Hardy)</p>			
Comprensión escrita:	<p>Artículo blog sobre desigualdades</p> <p>Manifiesto</p> <p>Testimonio escrito</p> <p>Letras de un Slam</p>			
Expresión oral:	Comentamos una tendencia (pequeño debate)			
Expresión escrita:	<p>Comentamos una tendencia para un blog</p> <p>Manifiesto denuncia desigualdad</p> <p>Descripción de una obra de arte</p>			
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO
1	<ul style="list-style-type: none"> - Reportaje televisivo (testimonios) - Artículo de un blog 	<ul style="list-style-type: none"> - Comentar una tendencia 	<ul style="list-style-type: none"> - Comentamos una tendencia para un blog 	<p>La imagen de uno mismo</p> <p>Las redes sociales</p>
2	<ul style="list-style-type: none"> - Manifiesto - Testimonio 	<ul style="list-style-type: none"> - Denunciar una desigualdad 	<ul style="list-style-type: none"> - Redactamos un manifiesto para denunciar una desigualdad 	<p>La desventaja,, la deficiencia</p>
3	<ul style="list-style-type: none"> - Slam (letras de un slam) - Emisión televisiva 	<ul style="list-style-type: none"> - Recitar un slam - Interpretar el lenguaje corporal 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpretamos el lenguaje corporal a partir de un video 	<p>Las partes del cuerpo</p> <p>Las expresiones idiomáticas relacionadas con el cuerpo</p>
4	<ul style="list-style-type: none"> - Audioguía - Obra de arte - Retrato de un artista 	<ul style="list-style-type: none"> - Describir y analizar una obra de arte - Interpretar el trabajo de un/a 	<ul style="list-style-type: none"> - Analizamos y interpretamos una obra de arte para un audioguía 	<p>La descripción de una obra de arte</p>

		artista		
--	--	---------	--	--

UNITÉ 5: DANS QUEL MONDE VIT-ON?				
NIVEL: C1.2		TEMPORALIZACIÓN: 13/03 al 22/04 (10 sesións de 120 minutos)		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.				
MODALIDADE DE TRABALLO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro				
CONTIDOS:				
Comprensión oral:		Videoclip canción Chanson:		
Comprensión escrita:		Infografía Artículo verlán		
Expresión oral:				
Expresión escrita:				
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO
1	- Infografía - Artículo - Videoclip	- Comprender y explicar el mensaje de una canción	Explicamos el mensaje de una canción comprometida	La vida en la periferia El <i>verlan</i> .
2	- Discurso político - Necrológica	- Resumir oralmente un discurso - Redactar una biografía	- Escribimos la biografía de una persona comprometida	El feminismo
3	- Emisión radiofónica - Poema	- Comprender una crónica humorística - Interpretar y escribir un poema	- Escribimos un poema (escritura creative)	La crisis migratoria
4	- Retrato de un ilustrador - Sketch de un youtuber	- Comparar los modos de vida a diferentes edades - Distinguir y adaptar los registros de lengua	- Comparamos los modos de vida de dos generaciones	Las edades de la vida

UNITÉ 6 TAF (TRAVAIL À FAIRE)				
NIVEL: C1.2		TEMPORALIZACIÓN: 24/04 al 29/05 (10 sesiones de 120 minutos)		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Libro de texto, caderno de actividades, fotocopias, audios, vídeos internet, ordenador.				
MODALIDADE DE TRABALLO: Individual, parellas, grupos e grupo enteiro				
CONTIDOS:				
LECCIÓN	TIPOS DE DOCUMENTOS	SABER HACER	TAREAS FINALES	VOCABULARIO
1	- Artículos - Revista de prensa radiofónica	- Realizar una revista de prensa	Realizamos una revista de prensa	La organización del trabajo en empresa
2	- Crónica televisada - Testimonio	- Redactar una petición de trabajo - Testificar una experiencia en el ámbito de una	- Testificamos una experiencia en una entrevista de trabajo	El reclutamiento

		entrevista		
3	- Reportaje televisivo - Novela (extracto)	- Comprender una situación de conflicto - Pronunciar un discurso	- Pronunciamos un discurso para explicar una situación de crisis	La crisis del trabajo
4	- Reportaje televisivo - Artículo	- Presentar la situación de empleo en su país - Integrar testimonios en un análisis	- Recopilamos testimonios sobre el mundo del trabajo	La expatriación Las costumbres profesionales

5. Metodoloxía

5.1 Plan de adaptación á docencia non presencial:

Este curso na Escola as clases serán presenciais.

En caso de dificultade, os alumnos terán titoría ou a mesma aula virtual para resolver dúbidas. O/As docentes do departamento de francés irán incorporando, na medida do posible, ao aula virtual tódolos contidos de forma periódica así como os contidos de reforzo e recuperación aínda que non sexa obrigatorio.

En caso de confinamento, as clases impartiranse telemáticamente nos mesmos días e horarios das clases presenciais, tendo en conta que o tempo mínimo que se cubrirá por respecto ao curso presencial será do 60%. Os medios telemáticos serán o aula virtual da EOI de Vilagarcía que pasará a ser o espazo central de ensino-aprendizaxe. As clases serán impartidas no mesmo horario e polas mesmas docentes a través dos medios telemáticos ofrecidos pola Consellería.

5.2 Os enfoques metodolóxicos

O obxectivo principal da metodoloxía empregada é o desenvolvemento da competencia comunicativa dos alumnos, ou sexa, o uso do idioma, a través da aprendizaxe dunha serie de destrezas que lles permitan comunicarse de maneira efectiva en situacións diversas do seu nivel.

A aula concíbese como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. Nestas situacións procurárase activamente a erradicación de comportamentos ou linguaxe sexista e o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios.

Cada docente pode abordar os contidos de cada curso que imparte desde varios enfoques metodolóxicos:

- a elaboración de proxectos
- o traballo por centros de interese
- a realización de tarefas
- o traballo por tipos de textos
- simulacións reais do uso real do idioma
- actividades comunicativas de uso real
- actividades pedagóxicas (especialmente cando o alumno demostra certas carencias lingüísticas que lle dificulten a participación eficaz nas actividades enriba indicadas)

Debido á gran diversidade sociocultural e lingüística que se atopa nas aulas das EOI, cada docente é libre de elixir, na medida que estime oportuno, o(s) enfoque(s) metodolóxico(s) necesarios para atender as necesidades dos seus alumnos segundo os recursos didácticos dispoñibles no centro. Independentemente da súa elección, os enfoques metodolóxicos empregados sempre:

- estarán orientados á acción
- crearán contextos de aprendizaxe que axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe
- fomentarán a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula como fóra dela.

A interacción será unha prioridade dentro da aula, deixando claro que o papel dos alumnos será fundamentalmente o de participantes activos no desenvolvemento da clase, polo que primará o traballo en grupos ou parellas.

6. Recursos metodolóxicos

6.1 Materiais didácticos

Os libros de textos recomendados polo departamento este ano son os seguintes:

a- Nivel **Básico A1**: *Entre Nous 1, Tout en un*. Éd. Maison des Langues. Libro do alumno e caderno de exercicios acompañados do CD.

b- Nivel **Básico A2**: *Entre Nous 2, Tout en un*. Éd. Maison des Langues. Libro do alumno e caderno de exercicios acompañados do CD.

c- Nivel **Intermedio B1**: *Nouveau Rond Point 2 B1 +*. Éd. Maison des Langues. Libro do alumno e caderno de exercicios acompañados do CD.

d- Primeiro curso e segundo curso do nivel **Intermedio B2** : *Édito B2*, Didier. Libro do alumno e caderno de exercicios acompañados do CD.

e- Primeiro curso e segundo curso do nivel **Avanzado C1**: *Édito C1*, Didier. Libro do alumno e caderno de exercicios acompañados do CD.

6.2. Materiais de apoio

Así mesmo, recoméndase as seguintes gramáticas de apoio por nivel tanto para o profesor como para os alumnos:

NIVEL BÁSICO A1-A2

DICTIONNAIRES

Gran diccionario Español-Francés/ Francés-Español. Édition Larousse

Dictionnaire du français. Référence apprentissage, (langue étrangère-langue seconde). Clé Dictionnaires Le Robert

Diccionario ACTIF para estudiantes de francés. Francés-Español / Español-Francés. Santillana

AUTRES GRAMMAIRES/ EXERCICES

Le nouveau Bescherelle. Hatier. (Para a conjugación verbal)

Grammaire progressive du français, avec 400 exercices, niveau débutant. Clé International

Exercices de grammaire en contexte, niveau débutant. Hachette.

Grammaire en dialogues. Clé International

Vocabulaire Entraînez-vous - Niveau débutant. Clé International.

NIVEL INTERMEDIO B1-B2

DICTIONNAIRES

Dictionnaire ACTIF français/ espagnol, espagnol/ français. Santillana.
Dictionnaire Larousse français/ espagnol, espagnol/ français.
Dictionnaire Le petit Robert.

AUTRES GRAMMAIRES/ EXERCICES

Grammaire progressive du français. Niveau Intermédiaire. Clé International.
Grammaire ; 350 exercices niveau débutant (cours de Civilisation française de la Sorbonne) ; édition Hachette
La grammaire des Premiers Temps niveau 2: Abry & Chovelon: Ed. Flem-PUG.
Le Robert-Nathan. Grammaire. Ed.Nathan.
Grammaire du français. Hachette.
Grammaire expliquée du français. Niveau intermédiaire. Clé International.
Exercices de grammaire en contexte. Niveau intermédiaire. Hachette
Le Nouvel Entraînez-vous. Exercices 2. Niveau intermédiaire Ed. Clé International.
Nouveaux exercices de grammaire: Dupré la Tour & G.D. de Salins. Ed. Hatier.
Vocabulaire Entraînez-vous. Niveau intermédiaire. Ed. Clé International.
Révisions 2. Tests. Col. Exerçons-nous. Ed. Hachette.
Bescherelle La conjugaison. Ed. Hatier

NIVEL AVANZADO C1

DICTIONNAIRES

Dictionnaire ACTIF français/ espagnol, espagnol/ français. Ed. Santillana.
Dictionnaire Larousse français/ espagnol, espagnol/ français.
Dictionnaire Le petit Robert.

AUTRES GRAMMAIRES/ EXERCICES

Grammaire progressive du français. Niveau Avancé Clé International.
Grammaire progressive du français. Perfectionnement. Clé International.
La grammaire des Premiers Temps niveau 2: Abry & Chovelon: Ed. Flem-PUG.
Le Robert-Nathan. Grammaire. Ed.Nathan.
Grammaire du français. Hachette.
Grammaire expliquée du français. Niveau intermédiaire. Clé international.
Exercices de grammaire en contexte. Niveau intermédiaire. Hachette
Le Nouvel Entraînez-vous. Exercices 2. Niveau intermédiaire Ed. Clé International.
Nouveaux exercices de grammaire: Dupré la Tour & G.D. de Salins. Ed. Hatier.
Vocabulaire Entraînez-vous. Niveau intermédiaire. Ed. Clé International.
Révisions 2. Tests. Col. Exerçons-nous. Ed. Hachette.
Bescherelle La conjugaison. Ed. Hatier

Os libros de textos elixidos respectan as directrices do Marco Común Europeo das linguas. Favorecen unha adquisición da lingua que se base nun auténtico proceso de comunicación mediante a proposta de unidades didácticas baseadas en tarefas comunicativas.

Os libros de texto co CD e DVD utilizados permitirán que os alumnos conten cun apoio máis; traballarase tamén con explicacións, exercicios e actividades complementarios segundo as necesidades do curso e do alumnado.

Asimesmo, o profesor recurrirá a calquer outro material complementario que considere oportuno e necesario. Por exemplo, é moi importante tratar temas referentes á civilización francófona na clase. Para iso, o profesor traballará con documentos auténticos que reflicten a vida cotiá en todos os seus aspectos. Estes documentos extraeranse de revistas, de Internet ou dos libros dispoñibles no departamento.

E necesario facilitar aos alumnos instrumentos para que poidan diversificar e complementar a súa aprendizaxe. Dispoñen dun servizo de préstamos de libros, CD's, DVD's, libros de lectura, etc.

Na biblioteca do Centro hai libros axeitados aos diferentes niveis e, que se recomendan como lectura para aumentar a súa formación.

6.3 Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC)

Dado o cambio producido na nosa sociedade no tema dos recursos tecnolóxicos resulta conveniente prever a utilización non só dos recursos dispoñibles no propio centro, senón tamén a utilización dos recursos existentes en Internet. Grande parte do alumnado é, por idade, cidadán do mundo dixital, o que supón que está afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais. Ofrecerlle actividades de aprendizaxe non soamente centrada na cultura escrita impresa senón tamén na cultura dixital ha resultar certamente máis satisfactorio e ha contribuír máis á súa formación como usuarios dunha lingua coa literacia dixital que a sociedade e o mundo laboral esixen hoxe. Na selección e na utilización deses recursos convén ter en conta algúns aspectos:

- a) Favorecer o uso e redes sociais, e o uso do web como ferramenta para construír coñecemento e como un espazo de produción activa, e non só de recepción pasiva de información. Isto inclúe o uso de *blogs* (con textos, fotografías, audio –podcasts-, vídeo e outros materiais dixitais), *wikis* e outras ferramentas que permitan a creación de textos orais e escritos en colaboración, interactuando con outros usuarios da lingua que se está a aprender.
- b) Fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as tecnoloxías da comunicación dispoñibles en cada momento (chat, correo electrónico, foros, telefonía ou vídeo conferencia a través de internet, etc.) para realizar proxectos con participantes de países nos que a lingua estudada sexa o vehículo da comunicación ou se traballe de forma multilingüe, e fomentar a aprendizaxe en colaboración (Skype pals).
- c) Favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na web (por exemplo, procuras guiadas, *webquests*, etiquetaxe e comentario de contidos dispoñibles na rede, etc.) utilizando a lingua que se estea a aprender.
- d) Promover a creación de índices de recursos de autoaprendizaxe en internet para o alumnado así como de recursos que poidan ser útiles para a práctica de lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)
- e) Promover a creación de índices de recursos didácticos para o profesorado, así como de recursos que poidan ser útiles para a didáctica da lingua (ferramentas de escrita, dicionarios, radio, televisión, prensa, etc.)
- f) Promover a creación de *webquests*, *padlets*, *quizletse* outros recursos pedagóxicos en liña.
- g) Promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais –como Aula Cesga, a plataforma do Centro de Supercomputación de Galicia, que utiliza DOKEOS, Claroline, Moodle, etc. – como ferramentas para favorecer a construción do coñecemento no traballo en grupo, para a titoría e a orientación individualizada do alumnado –que se pode facer tamén a través do correo electrónico ou doutros medios de comunicación a distancia–, e para favorecer a continuidade do proceso de aprendizaxe fóra da aula.
- h) Incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados por alumnado e profesorado na intranet do centro e tamén en internet, poñéndoos a disposición de toda a comunidade educativa.
- i) Elaborar no departamento un plan de utilización dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro, que recolla a formación necesaria para o profesorado que o necesite –de tal xeito que todo o profesorado poida facer uso deles–, a adecuada distribución horaria que dea a oportunidades de uso a todo o alumnado e a explotación didáctica deses recursos que se considere máis conveniente para cada nivel, e para as respectivas idades e coñecementos previos do alumnado.

Hai que ter en conta na selección e no uso dos recursos, criterios de accesibilidade –consonte os coñecementos previos – as idades e as necesidades educativas do alumnado e a neutralidade tecnolóxica, evitando favorecer determinados produtos comerciais en detrimento doutros, e preferindo sempre o uso de estándares abertos, de formatos que funcionen en diferentes plataformas, e de software libre e non comercial.

6.4 Recursos humanos

Este curso o Departamento conta con 3 docentes para cubrir a oferta académica de francés do centro.

- Marie-Reine Sartin imparte o Monográfico do nivel C1 e os grupos de C1.2 e B2.1.
- María Teresa Valcárcel Sanmartín imparte os grupos A1, un dos grupos de A2 e o B2.2
- Helena Barrera Cuello imparte os grupos A2 e B1.1

7. Diversidade e necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)

As Escolas Oficiais de Idiomas son lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo tipo de aprendiz e nos que se potencia a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil.

Neste contexto, cabe sinalar que dentro do noso alumnado nos atopamos coa diversidade que só require de medidas ordinarias de adaptación dentro da aula (idade, orixe, distintos ritmos de aprendizaxe, motivacións, habilidades, coñecemento lingüístico, nivel educativo, etc.); e tamén, aínda que en menor medida, con necesidades especiais de apoio educativo, que necesitan medidas extraordinarias tanto dentro da aula como para as probas.

No relativo á diversidade dentro da aula, os casos máis frecuentes dentro das EOIs son diferenzas de:

- Idade –desde alumnado con 14 anos ata persoas maiores de 60–.
- Formación –desde os que teñen ou están facendo estudos universitarios ata os que soamente estiveron escolarizados no ensino obrigatorio.
- Perfís lingüísticos –desde persoas monolingües a persoas plurilingües, con graos de dominio diversos en diversas linguas, etc.
- Estilos de aprendizaxe.
- Capacidades, que poden requirir só medidas ordinarias ou chegar a presentar necesidades específicas que requiran medidas extraordinarias. Este punto engloba tamén ó alumnado con altas capacidades ou con altas capacidades para a aprendizaxe de linguas.

A identificación das distintas necesidades do grupo ten lugar por parte do profesorado durante os primeiros días de clase, tanto a través das actividades iniciais de toma de contacto como tamén a través da avaliación inicial ou de diagnóstico.

Por outra parte, a identificación das necesidades específicas de apoio educativo máis frecuentes nas EOIs están relacionadas coa diversidade funcional de tipo motórico, auditivo e visual. Para a identificación destas necesidades, o profesorado de cada grupo pode decatarse desta necesidade e informar ó alumnado do seu dereito á adaptación tanto dentro da aula como para as probas pero, no caso de precisar tal adaptación haberá un prazo no que o alumnado debe solicitar as adaptacións presentando os informes e documentación pertinentes que acrediten esa necesidade. A función do profesorado neste caso sería a de informar desta posibilidade e adaptar despois a actividade de aula e, de ser o caso, as probas, seguindo as recomendacións do equipo de orientación de necesidades específicas da consellería.

No caso de termos alumnado con este tipo de dificultades específicas, aplicarase o establecido no **punto 2 da Disposición adicional Cuarta do Decreto 191/2007**:

“2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá adoptar as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade . En todo caso, estas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.”

7.1. Contidos

Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados na programación dentro do tempo contemplado na programación.

Por outra parte, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, para o alumnado con diversidade funcional severa, tanto dentro da aula como para as probas de progreso, promoción ou certificación, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.

7.2. Metodoloxía

A metodoloxía é fundamental para atender á diversidade. Unha metodoloxía ecléctica, baseada en tarefas e que fomente a autonomía do alumnado pode axudar a adaptarse á diversidade dentro da aula. Estas serán algunhas das medidas ordinarias que o profesorado podería adoptar:

- O traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización relacionadas co mesmo obxectivo, de xeito que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.
- A atención individualizada –nas aulas, nas titorías, etc.– que facilite a aprendizaxe por parte do alumnado así como o desenvolvemento dun ritmo de aprendizaxe personalizado e con maior autonomía.
- A formación de grupos de traballo no interior das aulas, fomentando a diversidade dentro deles para enriquecer así o produto da tarefa que van realizar.
- O traballo por proxectos, nos que todos poden contribuír cos seus puntos fortes para a realización do produto final.
- O uso das TIC como ferramenta de autoaprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e os seus intereses, unha relación cos seus erros menos pública mediante a realización de actividades autocorrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

A maiores, no caso de se precisar medidas extraordinarias debido ás situacións descritas anteriormente ou calquera outra de similar natureza, terase en conta na selección de materiais, actividades propostas e uso de recursos, agrupamentos e mobilidade dentro da aula, etc. baseándose nos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes segundo a lexislación vixente.

7.3. Avaliación

No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.

8. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos. A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante a tipoloxía de probas que se establece a continuación:

- Proba parcial de progreso: o departamento acordou que non haberá proba parcial de progreso senon unha avaliación por tarefas seguindo as instrucións da **Resolución do 16 de maio de 2023**, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscripción, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.

Así, o Departamento de Francés levará a cabo a avaliación de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará ao alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos. Realizaranse diferentes probas durante as sesións que permitiran establecer a avaliación de progreso tanto nos cursos terminais de certificación como nos cursos non terminais.

- Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

- Proba terminal de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

8.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

8.2. Avaliación de progreso (ou formativa)

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

8.3. A autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

8.4. Avaliación de promoción (ou sumativa)

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

8.5. Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

Os criterios de avaliación para os cursos de certificación adaptaranse ao disposto pola normativa vixente ao momento da realización das probas.

O alumnado será informado previamente e con antelación suficiente no relativo ás probas de lingua que sexan obxecto de avaliación para as destrezas no curso 2022-23; segundo os procedementos de avaliación, promoción e permanencia do alumnado establecidos pola consellería competente en materia de educación. O alumnado será informado por escrito do seu rendemento académico.

8.6 Mínimos esixibles

A.1.

Nivel A1	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
Comprensión oral	Comprende os puntos principais e o esencial dos textos orais.	É quen de comprender un saúdo e unha presentación, os números ata 20 que lle permitan xogar e algúns nomes propios.

	<p>Recoñece o léxico oral máis básico relacionado coa personalidade e coas profesións.</p> <p>Recoñece o léxico oral máis básico relacionado coa vila, os barrios e as tendas e comercios.</p> <p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto oral relativos as relacións persoais e a linguaxe corporal.</p> <p>Recoñece léxico básico relativo a familia, carácter, gustos, tempo libre e lecer.</p>	<p>É quen de comprender a información básica e o léxico para expresar gustos, profesións, adxectivos vistos na clase e os números ata 100 para dicir a idade ou prezos.</p> <p>É quen de comprender a información básica e o léxico relacionado coas vilas e barrios franceses e os medios de transporte.</p> <p>É quen de comprender a información básica e o léxico referido aos membros principais da súa familia e os seus gustos.</p> <p>É quen de comprender actividades cotiás e de lecer e de diferenciar os momentos da xornada.</p>
Comprensión escrita	<p>Comprende e identifica palabras clave proporcionadas tanto polo texto como polas imaxes que o acompañan.</p>	<p>É quen de comprender nun texto escrito a información suficiente para dicir por que un estudante está a aprender francés.</p> <p>É quen de comprender a información básica e esencial contida nun texto escrito sobre gustos, nacionalidade, profesión.</p> <p>É quen de comprender a información básica e esencial contida nun texto escrito sobre comercios, barrios, vilas, medios de transporte, etc.</p> <p>É quen de comprender a información básica e esencial contida nun texto escrito sobre os membros da familia, os seus gustos e preferencias, profesión e lecer.</p> <p>É quen de comprender nun texto escrito os momentos da xornada, as horas, a descrición física e carácter das persoas e as actividades cotiás. É quen de comprender léxico básico de roupa e complementos e de algúns produtos franceses.</p> <p>É quen de comprender o léxico básico de alimentos nun menú sinxelo e nunha receita sinxela.</p>
Expresión oral	<p>Interactúa utilizando fórmulas simples para saudar e responder e presentarse.</p> <p>Interactúa utilizando fórmulas simples e seguindo modelos.</p>	<p>Saúda e preséntase adecuadamente.</p> <p>É quen de producir frases simples para expresar e preguntar sobre datos esenciais de identificación persoal como estado civil, profesión, nacionalidade, gustos.</p> <p>É quen de producir frases simples e textos curtos para situar e describir unha vila ou un barrio.</p> <p>É quen de producir frases simples e textos curtos para describir o carácter dun membro familiar, dicir a súa profesión e os seus gustos. Pode describir de maneira simple o que fai nunha xornada ou nunha semana (día, hora, momento do día, hábito).</p>

		<p>Pode dar unha breve opinión sobre un intercambio de servicios.</p> <p>É quen de falar de algúns produtos emblemáticos franceses, de roupa e de complementos e do tempo que fai.</p> <p>Pode falar das diferentes comidas do día, ler un menú e expoñer unha receita simple.</p>
Expresión escrita	<p>Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados.</p> <p>Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais seguindo un modelo de características similares utilizando estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso frecuente</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, de ámbito persoal, aínda que presente algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuacións e as convencións formais máis elementais.</p>	<p>É quen de completar diálogos con expresións de saúdos.</p> <p>É quen de preguntar e dar información sobre identificación persoal, profesional e de nacionalidade.</p> <p>É quen de preguntar e dar información sobre as tendas e comercios de un barrio, os medios de transporte.</p> <p>É quen de preguntar e de responder a unha enquisa sobre as preferencias, as actividades no tempo libre e de lecer.</p> <p>Pode describir unha xornada cos momentos do día, hábitos cotiáns, horas.</p> <p>Pode escribir unha breve biografía.</p> <p>É quen de elaborar unha lista coa roupa e complementos adecuados para cada estación do ano.</p> <p>É quen de escribir unha receita moi sinxela e un menú orixinal.</p>
Mediación	<p>Identifica a información básica que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p>	<p>Pode transmitir información persoal, profesional e de nacionalidade a partir de unha ficha.</p> <p>É quen de informarse sobre un produto.</p> <p>Pode dar información sobre un prato, un menú ou unha receita.</p>

A.2.

Están descritos nas unidades didácticas.

B.1.

Nivel B1	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
Comprensión oral	<p>Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.</p> <p>Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden</p>	<p>É quen de comprender unha conversa para precisar información.</p> <p>Pode comprender detalles específicos para completar un artigo.</p> <p>É quen de comprender conversas entre amigos ou diálogos sobre actividades de lecer.</p>

	<p>habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.</p> <p>Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.</p> <p>Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.</p> <p>Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.</p>	<p>Pode comprender opinións sobre as redes sociais.</p> <p>É quen de comprender un debate televisado.</p> <p>É quen de comprender unha historia sobre unha viaxe.</p> <p>É quen de comprender uns comentarios para encher un formulario.</p> <p>É quen de comprender algunhas informacións nunha emisión de radio.</p> <p>É quen de comprender unha pequena entrevista, unhas declaracións sobre os danos enerxéticos, sobre agricultura bio, etc.</p> <p>Pode comprender pequenas conversas telefónicas.</p> <p>É quen de comprender unha publicidade radiofónica.</p> <p>É quen de comprender un conto tradicional.</p> <p>É quen de comprender e identificar información detallada dunha emisión de radio.</p>
<p>Comprensión escrita</p>	<p>Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.</p> <p>Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p> <p>Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto os significados dalgúns palabras e expresións que descoñece.</p>	<p>Comprende e localiza información relevante nunha entrevista.</p> <p>Comprende a información relevante de un anuncio.</p> <p>Pode identificar e seleccionar información nun extracto de novela.</p> <p>Comprende a información xeneral de textos xornalísticos.</p> <p>Comprende información sobre actividades nun folleto turístico.</p> <p>É quen de comprender a información principal de un blog.</p> <p>É quen de comprender as regras aconselladas para unha entrevista de traballo.</p> <p>É quen de comprender as opinións aportadas nun forum.</p>

		<p>É quen de comprender e seleccionar información nun artigo de prensa sobre un vilas e aldeas.</p> <p>É quen de comprender información detallada nun correo sobre relacións sociais.</p> <p>Pode identificar a información relevante de unha reclamación.</p>
Expresión oral	<p>Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.</p> <p>Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.</p> <p>Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares cun repertorio léxico propio do nivel.</p> <p>Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas.</p> <p>Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).</p> <p>Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade.</p> <p>Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación-</p>	<p>É quen de interactuar nunha conversa e poñerse de acordo e tomar unha decisión sobre un intercambio de vivenda.</p> <p>É quen de solicitar información sobre persoas, obxectos ou lugares.</p> <p>Pode describir a unha persoa fisicamente e dicir que roupa viste.</p> <p>Pode contar accións en pasado.</p> <p>É quen de contar o que fai habitualmente, o que lle gustaría facer, pedir e dar información sobre actividades, facer propostas, aceptalas ou refutalas,.</p> <p>Pode expresar o seu acordo/desacordo.</p> <p>É quen de participar nun pequeno debate, argumentar e xustificar.</p> <p>Pode contar un conto tradicional previamente preparado.</p>
Expresión escrita	<p>Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.</p> <p>Enche impresos e formularios que demandan información persoal,</p>	<p>É quen de redactar un correo para pedir información precisa.</p> <p>É quen de preparar unha pequena enquisa para obter información.</p> <p>Pode elaborar unha lista de actividades con información precisa (onde, como, ...)</p>

	<p>académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.</p> <p>Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.</p> <p>Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p.e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p.e. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>	<p>Pode describir brevemente unha profesión coas súas calidades.</p> <p>É quen de redactar unha pequena declaración.</p> <p>Pode propoñer solucións a un problema.</p>
Mediación	<p>Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítas con anterioridade para tela dispoñible.</p> <p>Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	<p>Pode transmitir a información recollida nunha enquisa.</p> <p>É quen de tomar notas coa información necesaria, localizada nun texto escrito, para elaborar listas e transmitir a información a outras persoas.</p> <p>Pode elaborar un programa a partir da información recollida nun blog.</p> <p>É quen de tomar e de completar notas escrita a partir dun diálogo escoitado.</p> <p>É quen de resumir a información recollida nun texto oral para transmitila a outra persoa.</p>

B.2.1.

Están descritos nas unidades didácticas.

B.2.2.

Nivel B2.2	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
Comprensión oral	Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou	É quen de comprender conversas, entrevistas transmitidas nun programa

	<p>a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.</p> <p>Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.</p> <p>Comprende o que se di en conversacións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.</p> <p>Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...</p>	<p>radiofónico ou visual sobre viaxes, natureza, medio ambiente, etc.</p> <p>Pode comprender unha entrevista radiofónica sobre temas artísticos, culturais, culinarios,...</p> <p>É quen de comprender unha emisión radiofónica sobre a testemuña dunha persoa que vive no estranxeiro, ou unha conversa sobre un tema de bricolaxe.</p> <p>É quen de comprender unha emisión radiofónica sobre o tema da expatriación ou unha conversa entre amigos.</p> <p>É quen de comprender unha serie de televisión ou unha reportaxe sobre a emigración.</p> <p>É quen de comprender unha receita de cociña.</p>
Comprensión escrita	<p>Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.</p> <p>Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.</p> <p>Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.</p> <p>Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información</p>	<p>É quen de comprender a testemuña de alguén que trata sobre temas de biotecnoloxía, de arte, de hábitos franceses, do traballo, das redes sociais, de moda, ...</p> <p>É quen de comprender artigos de prensa, mapas e organigramas sobre a natureza, os problemas climáticos, a arte, o aloxamento e aluguer, un currículo laboral, o biomimetismo, o uso dos aparatos tecnolóxicos, numéricos e dixitais, sobre o retrato de unha persoa célebre ou non.</p> <p>É quen de comprender un estrato literario.</p>

Expresión oral	<p>Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.</p> <p>Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.</p> <p>Expressa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.</p> <p>Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.</p> <p>Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p> <p>Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.</p> <p>Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.</p> <p>Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos.</p>	<p>Pode falar sobre o tempo climático, cociña, traballo, arquitectura, informática, novas tendencias e tecnoloxías, empregando léxico e expresións propios do nivel.</p> <p>Pode expresarse sobre as súas impresións, gustos en materia de saídas e actividades de ocio, redes sociais e a moda utilizando expresións propias do nivel.</p> <p>É quen de debater sobre a medio-ambiente, a arte, a emigración, ...</p> <p>Pode facer propostas sobre actividades.</p> <p>É quen de expresar a súa opinión.</p> <p>Pode contar unha experiencia laboral.</p> <p>Pode facer unha presentación na clase ou facer unha pequena exposición.</p>
Expresión escrita	<p>Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un</p>	<p>É quen de expresarse sobre temas ecolóxicos, dar o seu punto de vista.</p>

	<p>registro axeitados á situación de comunicación.</p> <p>Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.</p> <p>Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.</p> <p>Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.</p> <p>Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.</p> <p>Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p.e. parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.</p>	<p>É quen de escribir un artigo sobre o os problemas climáticos, sobre as súas impresión acerca de un país estranxeiro, un correo de lector sobre as redes sociais.</p> <p>É quen de redactar unha receita e de describir especialidades e hábitos culinarios.</p> <p>Pode redactar unha carta de reclamación, un currículo laboral.</p> <p>É quen de contar unha historia de amor ou de amizade.</p> <p>É quen de contar unha experiencia laboral ou de estancia nun país estranxeiro.</p> <p>Pode facer comparacións entre o seu país e Francia.</p> <p>É quen de dar a súa opinión sobre a informática no futuro.</p> <p>É quen de dar a súa opinión sobre unha reportaxe en un correo.</p>
<p>Mediación</p>	<p>Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.</p> <p>Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos. Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para</p>	<p>É quen de reelaborar e transmitir información sobre os franceses, a arte moderna, as preocupacións dos franceses, o traballo.</p>

	facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias. Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.	
--	---	--

C.1.1 e C.1.2.

Nivel C1	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
Comprensión oral	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. 2. Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. 3. É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. 4. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar. 5. Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado. 6. Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar conclusións aproximadas. 2. Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado de certos actos de fala. 3. É capaz de seguir case na súa totalidade un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. 4. Recoñece certas expresións idiomáticas e coloquiais, aprecia certas connotacións e algúns matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar. 5. Percibe certas variedades fonético-fonolóxicas propias da lingua e recoñece algúns matices de significado. 6. Utiliza o idioma para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.
Comprensión escrita	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso. 2. Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. 3. Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos. 4. Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto. 5. Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos. 6. Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprende o que se pretende ou o que se lle require nalgún caso. 2. Identifica o contido de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos. 3. Localiza detalles en textos extensos e complexos. 4. Recoñece a intención e certos significados do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto. 5. Localiza certas informacións ou segue parcialmente o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos. 6. Recoñece certas expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia certas connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

	<p>significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p> <p>7. Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p>8. Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>	<p>7. Comprende parcialmente, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a algunhas estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p>8. Comprende as certas intencións comunicativas expresadas mediante convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>
<p>Producción oral</p>	<p>1. Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p>2. Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.</p> <p>3. Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p>4. Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.</p> <p>5. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p>6. Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p>7. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>8. Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>9. Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>10. Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de</p>	<p>1. Desenvolve argumentos, relacionando lóxicamente e concluíndo adecuadamente.</p> <p>2. Rebate os argumentos das persoas interlocutoras.</p> <p>3. Exprésase con corrección.</p> <p>4. Domina un repertorio léxico que lle permite superar posibles carencias.</p> <p>5. É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p>6. Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora.</p> <p>7. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle.</p> <p>8. Produce un texto meta oral a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).</p> <p>9. Transmite de xeito oral os puntos destacados dos textos fonte e certos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>10. Varía a entoación e coloca a énfase da oración, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p>

	<p>significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p>	
Producción escrita	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión. 2. Redacta un texto e adáptao á situación requirida. 3. Presenta ideas e puntos de vista con fin de desticalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades. 4. Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección. 5. Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. 6. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico. 7. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. 8. Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos). 9. Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico). 10. Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escribe textos complexos, mostrando un dominio de certos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse. 2. Redacta un texto e adáptao aproximadamente á situación. 3. Presenta ideas con fin de desticalos. 4. Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse e mantén un certo grao de corrección. 5. Utiliza convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas aínda que existan certos erros. 6. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos. 7. Adapta os textos ao propósito comunicativo. 8. Produce un texto meta escrito con certo grao de coherencia e cohesión a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos). 9. Cita e utiliza as referencias segundo o ámbito e contexto comunicativos. 10. Transmite de maneira escrita algúns puntos destacados dos textos fonte e certos detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
Mediación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. 2. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais. 3. Produce un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos). 4. Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fai uso dun coñecemento apropiado dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma. 2. Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as. 3. Produce un texto meta con certo grao de coherencia e cohesión a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos). 4. Cita con certo grao de incorrección as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

	<p>5. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>6. Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>	<p>5. Transmite de xeito oral ou escrito certos puntos destacados dos textos fonte, así como certos detalles..</p> <p>6. Xestiona a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve sobre certos aspectos.</p>
--	--	---

9. Seguimento do desenvolvemento da programación

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e o resultado da súa programación didáctica son os indicados a continuación:

- fomento de enquisas de autoavaliación dos alumnos.
- fomento de enquisas de autoavaliación dos profesores.
- Guías de análise.
- Creación dun banco de actividades por curso e nivel.
- Pilotaxe da programación didáctica por parte do departamento.

No departamento programárase, na medida do posible, na súa reunión departamental un punto sobre o cumprimento da secuenciación dos contidos e dos obxectivos, no que se dará conta das dificultades –de habelas- no cumprimento da secuenciación de contidos e, mesmo, das decisións que se puidesen tomar a ese respecto.

A memoria final do curso será considerada como o momento axeitado para reflexionar e revisar todos os contidos presentes na programación e o seu grao de desenvolvemento.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os procedementos que se usarán para a avaliación interna do departamento sonos seguintes:

- ❖ Reflexión en grupo:
 - En reunións de coordinación de curso
 - En reunións de departamento
 - En reunións entre a xefatura de estudos e a xefatura de departamento
 - Na CCP e outras reunións co equipo directivo
- ❖ Observación: A observación persoal permite detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. Outras observacións son as derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.

11. Actividades culturais previstas:

As actividades prográmanse para a promoción da lingua, difundir aspectos culturais, para aplicar de maneira práctica e lúdica os coñecementos da lingua francesa, tamén, para relacionar o dominio do idioma con outros coñecementos e

habilidades. Serven para establecer contactos a través do idioma como obxecto de estudo, para fomentar a convivencia no centro e promover o sentido de pertenza á comunidade educativa.

Ademais, estas actividades deben permitir potenciar a presenza da EOI na contorna local e a súa presenza nas redes sociais, tanto como crear sinerxias de colaboración con entidades culturais e benéficas da contorna e promocionar a EOI na comarca do Salnés.

Polo tanto, o departamento de Francés propón unha participación activa reflexada nos diferentes niveis (básico e avanzado) sempre e cando o bo ritmo de traballo na aula, as circunstancias e dispoñibilidade de presuposto nolo permitan.

- A participación do departamento nas actividades organizadas pola Escola
- A elaboración de actividades relacionadas co calendario das festividades, actos socio-culturais, acontecementos relevantes da cultura francófona.
- O clube de lectura remprázase este ano por unha lectura que se proporá e taballará na clase.
- Estase barallando co alumnado do Monográfico de C1 a posibilidade de representar unha pequena obra de teatro durante o Segundo cuadrimestre no salón de actos da escola.

◆ Actividades organizadas pola EOI e coa participación do noso departamento:

SETEMBRO:

- Xornadas de portas abertas da Escola os días 11, 12 e 13 de setembro.
- As xornadas de xogos de linguas no obradoiro celebran o **día Europeo das Linguas 2023**. Organízanse dende o luns 11 ata o **día 26 de setembro** mediante un mural no soto da E.O.I. onde os propios alumnos escribirán consellos á hora de aprender linguas estranxeiras.

OUTUBRO:

- **Día das Bibliotecas, 24 de outubro**, Se prevé realizar actividades de difusión na Biblioteca do centro durante ese día.

NOVEMBRO

- **Día internacional contra a violencia de xénero, 25 de novembro**. Nos cursos de francés se visionará e analizará o vídeo da cantante belga Angele (análisis da letra e tamén dos clichés e ideas que nos ofrece o vídeo sobre a presión sobre as mulleres e o reflexo social que iso produce), cun posterior debate acerca da medida na que os tópicos vistos no vídeo representan a realidade e en qué medida pode afectarlle a cada muller.
- **“Illumination du sapin de Noël de Strasbourg”, venres 25 de novembro**, a finais de novembro, o alumnado podería visionar en directo ou en streaming este acontecemento.

DECEMBRO

- **Nadal, decembro**, participaremos nas actividades navideñas ofertadas pola EOI. Nas clases de francés, tamén escoitaremos algúns dos villancicos máis coñecidos nesta lingua e porémolos en relación cos que xa coñecemos nas nosas linguas maternas.
- Redactariamos unhas cartas de bos desexos nos diferentes grupos e colgariamolos nos tablóns de anuncios reservados ao departamento de Francés na EOI ou ben na arbore de Nadal, por exemplo.

FEBREIRO

-“**Chandeleur**”, **2 de febreiro**, contemplamos a organización dunha festa coa degustación de “crêpes” que podería facerse na cafetería da EOI. Na clase, poderíamos traballar receitas destacadas no seo da comunidade da Francofonía segundo os diferentes niveis.

-**Día mundial da radio, 13 de febreiro**, grabaremos un podcast sobre a historia da música francesa co alumnado do nivel avanzado.

-“**Saint Valentin**”, **14 de febreiro**, intentaremos crear unha *Lettre d’amour* onde poderán estar reflectidas todas as formas de amor que existen xa que é un sentimento multidimensional, con moitos matices (amor maternal, fraternal, amizade, amor romántico...). Tras a asimilación de léxico e expresións en relación co tema amoroso, propoñemos a organización dun concurso cun relato escrito ou poema para un nivel básico e outro para o nivel avanzado con diferentes premios, aínda por determinar. Para facer os relatos máis orixinais, daráselle ó alumnado unha serie de palabras ó azar (de todo tipo de familias léxicas variadas) que deben introducir obrigatoriamente na súa historia, buscando a redacción de historias orixinais e imaxinativas.

Posibilidade de escribir cada alumno unha frase en francés nun taboleiro determinado, como por exemplo no da biblioteca ou mesmo nas aulas.

ABRIL

- **1 abril, “Poisson d’avril”**, para festexar esta festa francesa que consiste en facer bromas ou mentir á xente, cada alumno escribirá un titular verdadeiro e outro inventado, que logo meteremos nunha caixa e sacaremos individualmente para que o alumnado decida si consideran a frase real ou imaxinaria.

-**Día do libro, 23 de abril**, esta actividade aínda está por determinar. Porén, podería organizarse un certame, un concurso coa obtención dun premio de libros en lingua francesa adaptados aos diferentes niveis do alumnado.

MAIO

- Actividades de departamento relacionadas co **Día mundial da Francofonía** para potenciar os coñecementos do noso alumnado sobre os países francófonos. Realización dun mural entre o alumnado de tódolos niveis para expoñer no soto da Escola e que así sexa visible polo alumnado de tódolos idiomas. Esta actividade será levada a cabo sempre e cando a organización das secuenciacións das nosas materias nolo permitan.

As actividades están destinadas ao alumnado matriculado no presente curso.

ATELIERS POSSIBLES (alternativa ao clube de lectura):

Cineclub:

Visionado de una película en francés al mes y posterior análisis y debate (todos los niveles)

La cuisine francophone

Básico: <https://francophonie.or.kr/2020/03/12/recettes-du-monde-de-la-francophonie/>

Avanzado: <https://festadafrancofonia.com/wp-content/uploads/2022/03/recettes-francophones-receitas-francofonas-web.pdf>

“Parlons Jouons Théâtre!”

Básico: *Le malade imaginaire* de Molière;

<https://docplayer.fr/17037957-Le-theatre-classique-de-moliere-le-malade-imaginaire.html> ;

<https://www.youtube.com/watch?v=t1QZcELI3j4>

Avanzado: *Dom Juan*, de Molière; <https://enseigner.tv5monde.com/fiches-pedagogiques-fle/dom-juan-de-moliere>

Le Cinéma

Básico: *La famille Béliet*

Avanzado: *Bienvenus chez les Ch'tits*

Les voyages

Básico:

Le Tour du Monde en quatre-vingt-jours de Jules Verne; <https://beq.ebooksgratuits.com/vents/Verne-tour-monde.pdf>

Avanzado: *Comment Wang-Fô fut sauvé* de Marguerite Yourcenar;

[file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/ Sequence_WangFo.pdf](file:///C:/Users/USUARIO/Downloads/Sequence_WangFo.pdf)

“Le roman policier”

Básico e avanzado:

Le polar FIE : <https://www.planete-education.com/recit/polar-fle-apprendre-le-francais-avec-l-inspecteur-roger-duflair>

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VILAGARCÍA DE AROUSA

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2023/24

Vilagarcía de Arousa, 20 de setembro de 2024

As/os docentes do departamento,

Marie-Reine Sartin

Asdo.:

María Teresa Valcárcel Sanmartin

Asdo:

Helena Barrera Cuello

Asdo: